

CONCELLERÍA
DE
DEPORTES

ALCALDÍA



Siareiros

Vigo co deporte

SACA O SIAREIRO QUE LEVAS DENTRO

TEMPADA

2011

2012

Clubs adheridos ao proxecto SIAREIROS ELITE 2011/2012:



Sociedad Deportiva Octavio (Balonmán). Atópase na máxima categoría (Liga Asobal) despois do seu ascenso este ano. Fundado en 1967. Xoga no pavillón Central das Travesas. No programa dende o inicio do mesmo no ano 2000.



R.C. CELTA INDEPO

Club Deportivo Bosco (Baloncesto feminino). Na Liga Feminina, a máxima categoría, dende 1996. Fundado no ano 1944. Compite no pavillón Central das Travesas. No programa dende o seu comezo no ano 2000.



CLUB VIGO VOLEIBOL

Club Vigo (Voleibol). Atópase na máxima categoría, a Superliga. Fundado nos anos 70, nacido do Maristas El Pilar (1969). Os seus encontros, no pavillón de Coia. No programa Siareiros dende que este comezou no 2000.



Club Deportivo Amfiv (Baloncesto en cadeira de rodas). Na máxima categoría da súa disciplina, a División de Honra, dende 2002. Fundouse no ano 1982 como C.D. Amfip. Xoga no Pavillón de Bouzas. No programa Siareiros dende o ano 2000 no que se iniciou.



Vigo Rugby Club (rugby). Fundado no ano 1988. Ascendeu este ano á división principal, a Liga Renfe (División de Honra). Os seus partidos xóganse no campo da Universidade de Vigo nas Lagoas-Marcosende.



Halcones de Vigo B.C. (Béisbol). Atópase na máxima categoría da súa disciplina, a División de Honra. Xoga no Campo das Plantas, en Bembrive.

gañamos todas



Federación de Peñas Recreativas El Olivo (Fútbol feminino). Xoga por vez primeira a Liga Nacional feminina, a máxima categoría. Ascendeu este ano e será o primeiro equipo galego na elite do fútbol. O seu campo oficial é o municipal Pahiño, en Navia. Fundado no ano 2003.



Club Xuvenil de Teis (Voleibol feminino). Fundado en 1979, atópase na Liga FEV un ano máis. É a terceira categoría da súa disciplina. Programa os seus partidos no pavillón de Teis. En Siareiros dende o ano 2000.



Club Vigo Stick 2001 (Hóckey a patíns feminina). Segunda tempada consecutiva na máxima categoría, a OK Liga Feminina. O pavillón de Bouzas é a súa sede. Naceu no 2001 do Traviezas H.C. (1957), que leva as súas categorías base. Dende o principio no programa.



Seis do Nadal (Balonmán). 1ª Estatal masculina. Esta categoría é a terceira da súa modalidade deportiva. Xoga no pavillón de Coia.



U.B. Lavadores (Balonmán). 1ª Estatal masculina. Fundado no ano 1998. Esta categoría é a terceira da súa disciplina. Disputa os seus encontros no pavillón de Lavadores.



Coruxo FC (Fútbol sala). Compite na 2ª B do fútbol sala nacional. O pavillón das Roteas acolle os seus partidos. Dende o 2006 integrado no Club de Fútbol Coruxo

gañamos todas